

## Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 13/06/1972

**Colección:**

**Data:** 13/06/1972

**De:**

Domingo García-Sabell;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Orixe:**

Doutor Teixeira, 11 (de enderezo), Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa e membrete:]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

*A la pintura; Castelao artista; Dibujos de Seoane; Doce Cabezas; El Toro Júbilo; Figurando recuerdos; Homaxe a un paxaro; Homenaje a Venecia; La dama y otros grabados; La Torre de marfil ou Paradojas de la Torre de Marfil; Libro de Tapas; Llanto por la muerte de Sánchez Mejías; Lonxe; Manoel-Antonio; Maside grabador; Muñeira [litografía]; Na brétema; O conde asesino de Sobrado; O Meco, de Seoane; O pulpo; Segundo Libro de Tapas; Seoane, de L. Varela; Trece estampas de la traición; Tres hojas de ruda y un ajo verde; Una confusión cotidiana; Artes; Artes visuais; Catálogo da exposición de Luís Seoane. Galería Viau. Bos Aires. 1951; Catálogo da exposición de Luís Seoane. Galería Viau. Bos Aires. 1952; Catálogo da exposición de Luís Seoane. Galería Viau. Bos Aires. 1953; Emigración; Exposición de Luís Seoane. Bonn. 1967; Exposición de Luís Seoane. Bos Aires. 1968. Art Gallery International; Exposición de Luís Seoane. Montevideo. 1946; Exposición del libro gallego en Barcelona. 1972; Literatura; Migracións; Testimonio de vista;*

**Mencionados:**

Rafael Alberti; Carmen Arias "Mimina"; Arturo Cuadrado; Xosé Díaz; Isaac Díaz Pardo; Eduardo Sánchez Millares; Maruxa Seoane; Elena Tormo;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

**Transcripción da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 13/06/1972**

DR. DOMINGO GARCÍA-SABELL/DR. TEIJEIRO, 11/TELÉFONO 592116/ SANTIAGO

13-VI-1972

Sr. D. Luis Seoane  
BUENOS AIRES

Querido Luis:

Acabo de recibir a tua cariñosa carta que me anima moito e que che agradezo de veras. Estou traballando arreo. Xa rematei o Manoel-Antonio. O libro encol do erotismo avanza con certa parsimonia, pro avanza.

Por eiquí hai boas novas, e outras non tan boas. Unha espléndida foi a Esposición do libro galego en Barcelona. Mañífica laboura de todos i, en especial, de Isaac e Xosé. O Catálogo é xeneroso i a túa portada totalmente acertada; (coma sempre).

O Isaac sigue na súa aitude fronte a Mimina. É un asunto sumamente íntimo no que se non pode facer rén. Xa falaremos cando veñades por eiquí. Eu animo a Mimina canto poido, e percuro que non perda pé na realidade.

O Sr. Millares invitóume pras festas do Centro Galego. Refuguei.

Adxunto unha lista das cousas túas que obran no meu poder. Vai un tanto revolta, pois foi escrita conforme aparecían os teus traballos na miña biblioteca. Remésame aquilo de que dispoñas. A ver si neste outono escomenzo o ensaio. En verdade, o libro.

Teño uns enormes desexos de que voltedes o máis axiña posible. ¡Hai tan poucos amigos cos que falar!

Unha grande aperta pra Maruja e pra tí de Elena e de mín mesmo. Teu decote

Domingo

[Escrito a man]

Pasado mañá saio pra París onde teño un Coloquio. Soio estarei dous días. Logo, eiquí en Santiago, outro sobor da Epistemoloxía da interdisciplinaridade. Un tema moi complexo e pouco craro.

Escomenzo a notar un certo cansacio. Agardo con impaciencia o mes de Agosto pra estar na

Cruña sin facer rén. Dedicareime –¡Asómbtrate!– a dibuxar. De súpeto, entroume ista teima.

[Escrito a man anexo]

Homenaje a Venecia.

Llanto por I. S. Mejías.

O conde asesino de Sobrado e outros grabados.

Muiñeira (con soio 2 litografías das cinco que compoñen o coaderno).

Segundo libro de tapas.

Libro de tapas.

O Meco.

El toro Jubilo

O pulpo.

Doce cabezas.

Diez xilografías originales.

La dama y otros grabados en madera.

Paradojas de la torre de marfil.

Figurando recuerdos.

Lorenzo Varela: Seoane.

Tres hojas de ruda y un ajo verde.

Testimonio de vista.

Luis Seoane; (Galería Viau). (1951)

Luis Seoane; (Galería Viau). (1952)

Luis Seoane, (Amigos del Arte) (Montevideo, 1946)

Luis Seoane (Galería Viau). (1953)

A. Cuadrado: Dibujos de Seoane.

L. S.: Castelao artista.

L. S.: Na brétema Sant-Yago.

Lorenzo Varela: Lonxe (con 10 grabados de L. S.)

L. S.: Tres estampas de la traición.

L. S.: Exposición retrospectiva 1948-1968. (Art Gallery International).

L. S.: Graphik (Städtische Kuustsam-lumgen Bonn).

L. S.: Solene o ceos (M. L. Maside).

L. S.: Exposición.

L. S.: Homaxe a un paxaro.

L. S.: Una confusión cotidiana por Kafka. Grabados de L. S.

L. S.: Grabados. Galería F. Fé.

L. S.: Maside grabador.

Folrsheim: Ist die Malerei ja Ende?

Alberti: A la pintura.

E os dous ensaios meus sobor de tí.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.